



DISCURSOS EN EL PREMIO  
DIEGO BERNAL XXV EDICIÓN

1. [Laudatio de Xosé López](#)
2. [Agradecemento de Francisco Campos](#)
3. [Discurso del presidente de la Xunta de Galicia](#)

Intervención de Xosé López en el Premio Diego Bernal 2020

## LAUDATIO/VINDICATIO

As miñas primeiras palabras teñen que ser, queren ser, de agradecemento polo encargo de achegar dez ideas sobre o veciño, amigo, compañeiro e hoxe galardoado co premio que leva o nome do recordado Diego Bernal, o catedrático de xornalismo e xornalista Francisco Campos Freire, máis coñecido por Paco Campos. E digo achegar algunha idea sobre a miña percepción da vida e obra de Paco Campos porque non quero facer unha laudatio ao uso, o que me encargaron, senón, máis ben, unha vindicatio (na antiga Roma implicaba a reivindicación das cousas). Pero non se asusten porque non quero incordiar nunha velada de amigos e, aínda que a miña forma de entender o mundo e de tentar andar por el me sitúan no galeguismo e na esquerda, non viñen aquí para reivindicar o que eu defendo, senón para facer unha vindicatio (mellor que vindicar, que en galego, si é defender) dunha traxectoria forxada no esforzo, na constancia, na honestidade, na lealdade e no diálogo, valores hoxe moita veces vilipendiados directa ou indirectamente. Son valores mamados na vida da aldea, coas súas contradicións e paradoxos, que tamén os ten o mundo no que vivimos os Balbinos da Galicia do século XX, pero que na parroquia de Ribeiras de Lea cultivaban e alimentaban a lume lento.

A miña mirada sobre a traxectoria de Paco Campos (ou Paco de Andrés, porque a súa casa é a Casa de Andrés) parte do coñecemento que teño del como veciño (mellor, veciño por parte de nai; porque eu desde pequeno iba a casa dos meus avós e a festa da parroquia), como un neno de familia labrega (con algo de Balbino, polo tanto) pero que axiña mostrou máis interese polas artes e as letras ca pola agricultura e o mundo rural. A súa ollada tiraba máis para Lugo que para San Xulián de Mos ou para Bestar, parroquia que logo descubriu da man de Ánxeles, a súa compañeira e nai das súas dúas fillas. Dese Paco só teño algúns recordos da súa vontade de estudar Xornalismo, do que me enterei nun chigre no campo da festa, na compañía do meu primo Manolo. A partir dese momento presteille máis atención a Paco Campos porque eu tamén tiña intención de estudar Xornalismo, no caso de que conseguise beca de estudos. Xa daquela o rapaz da Casa de Andrés, unha casa con posibles “da Ribeira”, era curioso, inquedo e buscaba afrontar desafíos persoais e colectivos.

O noso amigo axiña entrou en contacto con xentes do mundo da cultura e do xornalismo na capital luguesa. Amañouse (buscou como superar atrancos de intendencia) para preparar un artigo, publicalo en El Progreso e gañar un concurso de redacción, que o impulsou definitivamente ao mundo do xornalismo. Pero non só iso. Tamén se adentrou no mundo da poesía, co grupo Cravo Fondo, de Lugo, e publicou os seus primeiros traballos de creación (libro, Seis novas voces da lingua galega). Descubriu territorios literarios, baixo a tutela dun profesor que todos os seus ex-alumnos seguimos admirando aínda hoxe, Xesús Alonso Montero, daquela docente no denominado na época Instituto Masculino de Lugo.

Naqueles anos finais da longa noite de pedra, da man de pequenos fachos de luz, marchou a Madrid, onde comezou os seus estudos nun ano accidentado, pola demora no seu comezo (foi cousa do ano académico Juliano, do singular ministro Julio Rodríguez). Daquela, na capital do Estado, dábanse cita por mor dos estudos colegas hoxe moi coñecidos no mundo da comunicación e a cultura, como Suso Iglesias, Fernando Salgado, Lustres, Xulio Álvarez Fariñas, Manuel David Cheda, Luis Celeiro, Alfonso Eiré (Pucheiro), Xosé Manuel Pereiro, Manolo Rivas, Rogelio Martínez, Mariña Folgueira, Antón Galocha ou Emilio López Pérez, por citar algúns. Varios deles traballaron ou compatiron círculos de amizade co profesor e xornalista hoxe aquí distinguido.

Como era inquedo e buscavidas, entrou na editorial Akal, “a dos libros pequenos de tapa vermella” -recordarán algúns dos presentes-, onde se converteu en xestor editorial e editor. Cultivou o seu amor pola literatura, traballou (na editorial citada e en xornais da capital do Estado, entre outros, Nuevo Diario), formouse e licenciouse, feito que o levou a poñer fin a súa etapa madrileña. Aínda que se consideraba xa un home de mundo e tivo ocasión de quedarse na capital que rega o Manzanares, a terra tirou del e axiña se puxo a buscar traballo por estes lares.

Entrou no xornal La Voz de Galicia, na súa sede central, en A Coruña, de onde axiña o mandaron para Lugo, para comezar unha nova etapa na delegación dese diario. Alí, amais de integrar aos que xa estaban na redacción, creou un equipo de xente moza que dinamizou o xornalismo en Lugo deses anos e fixo unha aposta pola renovación, con distintas estratexias, incluídas prácticas estajanovistas, das que el era un bo exemplo. Eu, que deixei El Ideal Gallego logo de recibir unha proposta que el me fixo nesa altura (nese tempo) e traballei na delegación en Monforte case un ano nese tempo, antes de virme para Santiago, dou fe do bo facer e dos logros acadados, recoñecidos polos competidores, que poucos anos despois lle propuxeron irse de

subdirector a La Región, posto que aceptou e que logo o levou a dirección dese xornal. Máis tarde veu para Santiago, onde, no mesmo grupo editorial, dirixiu a Axencia Galega de Noticias.

O premio Diego Bernal deste ano chegou a Compostela para afrontar novos desafíos e coa mesma ilusión e constancia por levar adiante proxectos renovados no campo do xornalismo. Esa atención á profesión non lle impediu seguir formándose, en especial en seminarios de reciclaxe profesional organizados pola SND (Society for News Design) e un grupo de profesores da Universidade de Navarra en España e en Estados Unidos, onde visitou distintos medios e universidades. Neses anos compartimos, de novo, moitas inquietudes profesionais e moitas desas actividades formativas, mesmo no doutoramento na Universidade de Santiago, no Departamento de Historia Contemporánea.

Nese contexto, a comezos dos anos noventa, créase a Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago (daquela, Ciencias da Información), na que entra como profesor asociado no seu primeiro concurso de prazas destas características. Compaxinou un tempo a actividade profesional e a docencia, até que, logo dunha tese relevante e oportuna sobre as empresas familiares de prensa en Galicia e o seu proceso de cambio e adaptación aos novos escenarios, e unha oposición a titular de Universidade, que gañou con solvencia, empuxárono definitivamente á vida académica, aínda que con algunha parada intermedia.

No camiño cruzouse un novo desafío, a dirección xeral da CRTVG, que afrontou con éxito e apartouno un tempo da docencia e a investigación, á que volveu en canto remataron os seus mandatos nese medio. E, de novo, por segunda vez, empezou unha fase na que docencia e investigación centraron os seus principais esforzos, con proxectos e publicacións relevantes. O recoñecemento dese traballo chegoulle coa acreditación para catedrático de Universidade, que logo de anos de demora na convocatoria de prazas na Universidade de Santiago por mor da crise económica, ocupou co voto unánime do tribunal e onde segue na actualidade.

A miña mirada, de veciño e amigo, pero feita desde unha prudente distancia, acha, pois, evidencias de dez achegas na súa traxectoria profesional: curiosidade (sempre quixo saber, desde a súa xanela chairega), esforzo (sempre entendeu que o que algo quere algo lle costa), constancia (sempre asumiu que era preciso esforzo e perseverar), talento (sempre optou pola tese de cultivar o que un ten, as súas fortalezas, e por aprender en tódalas accións), honestidade (sempre entendeu que hai que facer o que se promete e que a honestidade é o camiño), lealdade (sempre quixo ser leal aos

amigos, á súa facultade e ao seu modelo, ao seu país...), coñecemento (sempre tivo curiosidade e buscou a formación continua), visión (sempre mostrou capacidade para anticiparse ao que vai vir), paixón (sempre que colle un tema, non o deixa ata que está convencido de que o coñece en profundidade; é dicir, fai inmersión total), e diálogo (sempre confiou no diálogo, no respecto ao outro e no camiño de acadar acordos para avanzar).

Así vexo a Paco Campos, o mozo discreto pero avisado (agudo) de Ribeiras do Lea, que non agocha egos feridos e que sempre mira para adiante, co convencemento de que hai futuro, hai outro xornalismo posible e hai outras formas de acadar os obxectivos persoais e colectivos.

Pero o Catedrático e xornalista hoxe premiado tamén coñece con todo luxo de detalles e cultiva, cando o precisa en accións de ataque ou de defensa, os mundos da picaresca, das estratexias que merecen o calificativo de maquiavélicas polo rebuscadas que son, da retranca que provoca e estimula ou das accións desestabilizadoras que desconcertan. O noso amigo, con esas e outras dotes, camiña coa fronte alta, entre dous mares, o da profesión e o da academia, pero coa mirada posta na súa parroquia, Ribeiras de Lea, onde agora, de novo, xa con netos, volve atoparse coas súas raíces, na súa busca dun mundo mellor, coas súas teorías rompedoras e, moitas veces, de marcado corte neoliberal, pero sempre convencido de que hai que anticiparse ao futuro.

Hoxe, Paco Campos, cando volve reencontrarse coas sombras do seu pasado, cando a súa parte de Balbino recupera peso na súa vida e pono no camiño de emprender como produtor de mazás para sidra, o que lle permitirá fuxir da categoría de “desertor do arado, aínda que un tempo longo desertou”, ven de ver recoñecida xustamente a súa traxectoria profesional no campo do xornalismo, como bo xornalista de mesa e de rúa que sempre foi, pero tamén no campo da xestión das empresas da comunicación. É un recoñecemento a unha traxectoria, que guiou un dito que nos recordaron moitas veces nosos pais e que Román de Andrés e Caridá tamén lle repetiron varias veces a Paco Campos: “fai ben e non mires a quen”.

Parabéns desde a discrepancia, desde a amizade e desde o convencemento de que debemos cultivar a vindicatio do diálogo un día si e outro tamén, dos debates entre xentes que discrepan, nun tempo no que moitos queren ver todo branco ou negro, é dicir, con lentes dicotómicas.

Como nos ensinan os resultados de moitas das nosas investigacións académicas e o profesor e xornalista Paco Campos comprobou en

varias delas, a sociedade é moito máis complexa, como tamén o é o mundo da comunicación. Quizá por iso el sempre mostrou gran confianza no diálogo sinceiro e aberto como vía para acadar proxectos conxuntos entre xentes que teñen proxectos diferenciados, que discrepan en moitas cousas pero teñen vontade e capacidade para syndicar esforzos destinados a levar adiante iniciativas que permiten avanzar e conquistar novos espazos para construír unha sociedade mellor.

Vindicatio, pois, dunha traxectoria asentada no talento, tesón e diálogo, a de Paco Campos, xusto gañador do premio Diego Bernal que hoxe se lle entrega.

E remato con dúas frases que poden recoller a mensaxe da miña mirada da traxectoria da obra e vida de Paco de Andrés.

Unha penso que presidiu os seus desafíos. É unha frase que se atribúe a Ciceron, que el recordará do seu paso fugaz polo seminario mindoniense. “Intellectus apretatus, discurrit qui rabiāt”.

A segunda sérveme para poñer o colofón.

. Hoxe, antes de vir, chamei a miña nai para recordarlle que viña ao acto de Paco de Andrés e tiña que dicir catro cousas. Ela díxome: “pórtate ben. Os de Andrés son boa xente”. Se ela o di, eu non podo menos que ratificalo.

É todo o que quero dicir nesta laudatio con vindicatio. Desculpas se non me portei ben. Beizóns, grazas e Obrigado.



Agradecimento de Francisco Campos

## Señor presidente da Xunta de Galicia, directivos e membros da Asociación de Periodistas de Galicia, amigos e amigas

En primeiro lugar o meu agradecemento á directiva da APG por este premio que leva o nome dun cumpaño moi querido, popular e lembrado da nosa xeración. Todos os que o coñecemos, lembramos con agarimo e simpatía a Diego, e eu reimaxinou agora na ficción dun papel destacado da película Primeira Plana.

Este recoñecemento foi para min unha sorpresa agradecida que non agardaba e que me espertou entre honra e pudor porque ten unha historia de 25 anos de brillantes distincións a grandes profesionais do xornalismo e porque seguramente hai moitos outros compañeiros que o merecen tanto ou máis ca min.

Teño que agradecer igualmente neste acto o labor de cantos compañeiros e compañeiras me acompañaron profesionalmente nas empresas e institucións nas que traballei e traballo; e mesmo os que colaboraron con elas dunha forma ou outra. Se algúns méritos ou logros se acadaron, son froito tamén deles e, polo tanto, gustariame que quedase constancia e recoñecemento a todos eles e elas. Igualmente para as empresas e institucións nas que se desenvolveu esa labor. Tampouco quero esquecerme do agradecemento a outras persoas aquí presentes que me ofreceron outras oportunidades e, sobre todo, amizade e recoñecemento. E tamén gratitude para todos os amigos e amigas que están hoxe aquí presentes.

Non quero glosarme a min mesmo, pero permítanme que me autorrecoñezo profesional e persoalmente dividido entre a práctica profesional e a teoría. Por iso síntome satisfeito de ter escollido en distintos momentos entre o corazón partido da actividade profesional e a Universidade para poder ser participante e observador nas últimas décadas de cambios e transicións importantes nas industrias da comunicación e na actividade profesional do xornalismo.

Décadas de transicións (da dictadura á democracia, da tecnoloxía do chumbo á informática, do impreso ao dixital, do xornalismo á comunicación, da web ás redes sociais, da televisión ás plataformas, dos medios de masas ás masas de medios de comunicación, da estabilidade á crise, dos modelos sostibles de pago á gratuidade insostible) que marcan o impacto do tempo pasado e o testigo da transición da sociedade dixital da información á da intelixencia artificial, á da Internet das cousas, da realidade aumentada, da robotización, do 5G e do blockchain, entre outras tecnoloxías coas que empezaremos a convivir nesta nova década 20-30. Innovacións que abren o debate do futuro do traballo, de novas profesións, de novos valores, dereitos e responsabilidades da cuarta revolución industrial.

En 2019 Internet celebrou o seu medio século e a web o trinta aniversario. Estas dúas innovacións tecnolóxicas, como extensións da revolución informática e telemática producida na década dos anos 1970, son os logros económicos e sociais cos que se culmina a transición do século XX ao XXI, como ocorreu no tránsito dos séculos XVIII ao XIX coa electricidade e a máquina de vapor. A nivel xeral os beneficios económicos e

sociais de tales transicións son incuestionables aínda que, como ocorreu coa revolución industrial, hai impactos negativos provocados pola innovación disruptiva e pola dificultade de adaptación dos modelos tradicionais ás novas formas de produción e circulación protagonizadas polas plataformas e redes dixitais.

A revolución informacional desborda a comunicación e esta ao xornalismo. A consecuencia é que a circulación e consumo de noticias perde parte do seu valor tradicional e convértese parcialmente nunha actividade incidental, fragmentada, desxerarquizada, automatizada, deslocalizada e debilitada nos principios editoriais. Do mesmo xeito que a actividade profesional sofre unha triple crise económica, de identidade e adaptación. O novo perfil profesional segue precisando boa base cultural e sociopolítica, valores éticos e deontolóxicos, pero tamén destrezas coas narrativas transmedia, competencias informáticas sobre análise de datos, automatización e intelixencia artificial.

Os algoritmos das plataformas son os novos *gatekeepers* que agora elaboran a dieta mediática en función dos *likes* das redes dixitais. A cambio da gratuidade de acceso, as plataformas esixen o rexistro dos usuarios para poder procesar, analizar e vender ao marketing publicitario e propagandístico os seus perfís e a pegada dixital da súa actividade. Eses datos son as pepitas de ouro do negocio mediático actual. As plataformas danaron os modelos de circulación, distribución, venda, publicidade, confianza e de regulación da axenda mediática pero o xornalismo segue sendo o valor engadido fundamental do patrimonio editorial e intelectual dos medios tradicionais que compre amparar e preservar.

Os cambios nas formas, usos, dispositivos e procesamento no acceso á información afectan aos soportes e modelos de negocio dos medios tradicionais pero tamén ao impacto, rigor e os efectos da mesma comprensión da comunicación social. Fronte a unha comunicación branda e superficial, con *performances* de entretemento, a información xornalística perde interese social entre a xente máis nova. Mistúranse tamén neste novo ecosistema informativo das plataformas e redes dixitais a información falsa ou pouco contrastada, a propaganda, os bulos, rumores e fake news, que sempre existiron, pero que agora teñen máis volume e trascendencia porque a tecnoloxía multiplica a súa circulación.

Indudablemente as plataformas e redes dixitais son ben populares e están moi presentes hoxe na vida social pero, segundo as enquisas que se teñen feito ao respecto, gozan de pouca confianza e menos credibilidade como medios de comunicación. Pero o seu impacto desborda e trastoca a confianza dos medios de comunicación tradicionais, baseados nos valores éticos e deontolóxicos do xornalismo, e tamén alcanza á propia confianza social das institucións. Non é a única causa pero é parte da complexidade do problema.

Por iso unha vitamina moi necesaria hoxe para o xornalismo e os medios de comunicación tradicionais, ademais de medidas para reparar o deterioro dos seus modelos de negocio, financiación e propiedade intelectual, é o reforzo da súa confianza social, que tamén afecta e implica ás institucións democráticas. Unha

sociedade sen medios e sen diversidade pluralista acaba sendo unha sociedade sen confianza social, orfa fronte aos populismos autocráticos tan en voga, ineficaz respecto ao deterioro das institucións e connivente cos desprezos das regras democráticas máis elementais.

O tratamento non é fácil pero é necesario, require de pedagogía e alfabetización para a comprensión dos cidadáns e de apoio das institucións para que a comunicación e o xornalismo poidan ter recursos e liberdade para cumprir coa súa misión de verificación dixital. Os medios tradicionais son actores sociais e económicos necesarios para organizar esa función de verificación e responsabilidade editorial que é precisa para conformar unha esfera pública plural, diversa e de cohesión social.

Por iso na situación actual de transición e desvantaxe dixital, os medios tradicionais necesitan e teñen dereito á atención preferente das políticas públicas. O reforzo da súa confianza precisa recursos e osixeno fronte á contaminación das *fake news* e as presións das tentacións populistas. Francia, Reino Unido, Alemania, Bélxica, Dinamarca, Portugal, Canadá ou Australia, por citar os principais países, adoptaron nos últimos anos políticas públicas concretas para axudarlle á prensa e o audiovisual a afrontar a sostibilidade e a transición ao ecosistema dixital.

A industria da edición e da prensa pervivirá varias décadas entre o papel e o dixital pero sofre en case tódolos países fendas xeneracionais e debilitamento dos seus eslabóns da cadea de valor, aspectos sobre os que se ben aplicar as políticas públicas. De igual xeito esas medidas propoñen non abandonar a alfabetización binaria sobre a lectura dos rapaces no papel impreso porque, segundo os neurólogos, representa tamén unha forma de coñecemento moito máis dialéctico, reflexivo, lento e menos superficial que a aprendizaxe só a través do soporte dixital.

As políticas públicas europeas tratan de reequilibrar as asimetrías das redes dixitais coas condicións de competencia cos medios tradicionais, sobre todo no que se refire á transparencia dos datos dos usuarios para a comercialización máis xusta e equilibrada da publicidade programática que controlan os algoritmos das plataformas e tamén con respecto á equiparación regulatoria das obrigas e responsabilidades semellantes á industria da televisión convencional. Neste senso a televisión comercial afronta a transición incrementando a súa concentración e as alianzas estratéxicas mentras que os medios públicos sofren o colapso das crisis de gobernanza das necesidades de máis financiamento para incrementar a innovación con fin de recuperar franxas importantes de audiencia perdidas, sobre todo entre os públicos máis novos.

A pesares das dificultades da transición á converxencia dixital e da competencia disruptiva das grandes plataformas, Galicia conserva unha estrutura mediática máis estable que noutras partes de España, mesmo incluso coa creación de novos medios impresos e dixitais.

O sector audiovisual galego, xunto co do País Vasco, segue a ser referente, despois do de Madrid e Cataluña. A formación e investigación no noso campo da comunicación non desmerece fronte a de outras Comunidades e proba de iso é que varios alumnos

egresados dos nosos centros traballan en importantes organizacións mediáticas nacionais e internacionais.

Pero eso non significa que non existan na estrutura mediática de Galicia problemas importantes de sostibilidade, de inserción laboral, de capital, de mercado, de financiamento, de precaridade, de renovación e transición. Por iso son necesarios máis apoios e vitaminas, tamén de confianza e innovación, para os nosos medios, para a nosa cultura e a nosa lingua.

Remato con tres ideas breves. O xornalismo e os medios de comunicación son institucións necesarias para a calidade da democracia, a cohesión social e a preservación da nosa cultura e nosa lingua. O xornalismo segue sendo unha profesión de servizo necesaria para a transición da sociedade dixital á da intelixencia artificial e, persoalmente, volvería a escollela se tivese que empezar de novo. Galicia, como sociedade con cultura e lingua propias, precisa de medios propios e estables tamén para esa transición.

MOITAS GRAZAS

Intervención do Presidente da Xunta  
**PREMIO DIEGO BERNAL**

*Santiago, 23 de xaneiro de 2020*

Presidente da Asociación de Periodistas de Galicia,  
Membros da directiva,  
Amigas e amigos.

Umberto Eco, periodista ocasional e sempre apaixonado, acuñou dúas categorías que fixeron fortuna e nos serven para identificar dous tipos de reaccións diante dos cambios, de todos os cambios.

Dun lado están os “apocalípticos” que atisban tras cada transformación un desastre inminente. De acordo con esta posición, alterar unha situación existente traería consigo unha longa penitencia en forma de desorde e caos.

Fronte a eles, o pensador italiano sitúa aos que el chama “integrados”, xente naturalmente optimista para a que o cambio por si mesmo é saudable, sen importar que se cambia ou para qué se cambia.

Umberto Eco aplica esta división ás reaccións producidas pola chamada cultura de masas, pero ben se pode aplicar ao que ocorre no mundo da comunicación. Aquí neste acto haberá apocalípticos e integrados, aínda que non se detecten a simple vista, e mesmo non faltarán os que se sintan alternativamente pesimistas e optimistas. **Son tantos e tan vertixinosos os cambios que non é doado formarse unha opinión homoxénea e duradeira.**

Cada transformación chega con dúas facianas diferentes. Sempre hai unha cara e unha cruz, consecuencias positivas e negativas; unha ampliación dos horizontes profesionais vai da man de incertezas laborais; o control é moitas veces a contrapartida da liberdade; a tecnoloxía pode humanizar pero tamén escravizar.

Lástima que xa non poida estar con nós Umberto Eco para contrastar as súas teorías coas que elabora, practica e ensina Francisco Campos. **O periodista que hoxe premiades co Diego Bernal non é apocalíptico nin integrado; é galego.** E os galegos, sexan periodistas, políticos ou de calquera outra ocupación, rexeitan por natureza categorías ríxidas en exceso.

Francisco Campos leva moitos anos aplicando a galeguidade ás mutacións que sofre ou disfruta a comunicación, e ofrecéndonos a conclusión de que non imos camiño do ceo, nin tampouco estamos abocados ao inferno.

Nel únense ademais o **teórico da comunicación**, o **docente**, o **xestor** e o **periodista** que tamén baixa á “mina” da información. Como noutras especialidades na comunicación existe tamén a ameaza dun divorcio entre teóricos e prácticos, entre os que só se moven no mundo das ideas e os que son devorados polas urxencias do traballo diario.

Claro que para facelo todo fai falla tempo. Quizais por iso algunha mala lingua (ou boa) que compartiu tarefas co premiado afirma que “chegábamnos pola mañá e estaba alí; íámonos e seguía alí”... claro, algún segredo tiña que ter.

Tamén contan que Paco Campos é unha das poucas persoas que poden testemuñar que hai algo peor que os políticos... que son os presidentes de fútbol, como seguro podería poñer de manifesto contando batallas das negociacións dos dereitos do fútbol sendo el presidente de Forta.

O caso é que poucos teñen o privilexio de contemplar a comunicación dende perspectivas tan diferentes como as que ten percorrido Francisco Campos durante a súa vida profesional. Ninguén pode dicir que fale sen coñecemento de causa, nin tampouco dende un distanciamento coas horas de reacción compartidas en La Voz de Galicia, en La Región ou na Axencia Galega de Noticias.

O nome de Francisco Campos está asociado igualmente a unha das etapas máis fecundas da Compañía de Radiotelevisión de Galicia. E neste punto habería que aproveitar para dicir que **os medios públicos galegos fixeron posible que un dos malos augurios sobre o impacto do audiovisual en culturas e linguas como a nosa, no se cumprira**. Veuse confirmar a tese de que os cambios ben aproveitados producen resultados beneficiosos. A creación da



radio e a televisión de Galicia, e os diferentes pasos dados en cada etapa, crearon un baluarte da nosa identidade que hoxe forma parte da nosa paisaxe mediática.

Unha paisaxe con profesionais e empresas que teñan acadado un grao de identificación coa xente con poucos parangóns na nosa contorna. **Se un dos pecados capitais dalgúns medios alleos é un progresivo distanciamento dos que son, en definitiva, os seus destinatarios, a gran virtude da prensa galega é a proximidade.**

Sodes cercanos, practicades un xornalismo de proximidade no que o local adquire dimensión global e o global se interpreta seguindo as nosas pautas locais.

Volvemos unha vez máis a esa dobre versión dos avances. Creo que o mundo galego da comunicación soubo transformar o que semellaba un perigo, nunha oportunidade. A rede dilúe o concepto de centro, tanto na política como na comunicación.

Sempre me pareceu anacrónica a diferenza xerárquica que nalgúns sectores se establece entre política nacional, rexional e local. Se este é o século XXI e non o XIX, todas as políticas autonómicas teñen rango de nacional, e todas as políticas nacionais que non contemplan o factor local son, sinxelamente, extraterrestres.

O mesmo conto cabe aplicar á comunicación. **Contemplan España, Europa e o mundo enteiro cunha óptica galega non é practicar un xornalismo de segundo nivel ou miope.** O mundo pódese contemplar dende moitas fiestras, e unha delas é galega e correspóndevos a vos, aos profesionais galegos, mantela sempre aberta. Se nalgún momento se pechara, non só Galicia senón tamén o mundo, terían unha liberdade mais pobre.

Creo deducir das moitas reflexións que ten feito e ensinado Francisco Campos sobre a comunicación, a importancia do factor humano. O tamén periodista Andrés Oppenheimer titula un libro sobre o futuro do traballo dunha maneira elocuente: "Sálvese quien pueda". Desaconsello a súa lectura aos máis aprehensivos porque as

conclusións resultan desalentadoras. Sí; entre os traballos sobrantes nesa distopía estarían os dos políticos e periodistas, unidos por unha vez nun destino fatal.

Opino e teño a obriga de opinar nun día coma hoxe, que se trata dun deses pensamentos apocalípticos descritos por Umberto Eco. **Nun mundo humano, o factor humano sempre será determinante.**

O factor humano é clave para interpretar e para contar as situacións e as informacións que tratades todos os días. E, xa que tamén hai algún político na sala, creo que o mesmo sucede cando un político afronta decisións que influirán na vida dos cidadáns. Por iso espero non estar equivocado e que esta xuntanza se siga celebrando dentro dun ano, dunha década, dun século ou nas mil primaveras de Cunqueiro, porque nin xornalistas nin políticos poderemos ser substituídos por máquinas que fagan o traballo humano por nós.

Non imaxino nin quero imaxinar un mundo sen periodismo. Tampouco un periodismo sen mundo, claro está. Esta parte do mundo chamada Galicia débelle moito ao periodismo que a esculca e a interpreta a coito, servíndolle de espello.

No pórtico glorioso dese periodismo está Francisco Campos, estará para sempre Diego Bernal e estades os que habitades, vivides e soñades a vosa profesión.

Moitas grazas.